

Plan de Transferencia de Talento Universidade - Empresa

EROSKI IMPULSA UN ECOSISTEMA DE DESENVOLVEMENTO DO TALENTO E INTRAEMPENDEMENTO DA MAN DE MONDRAGON UNIBERTSITATEA

- **MONDRAGON UNIBERTSITATEA e EROSKI asinan un convenio para a captación e desenvolvemento de talento**
- **Establece un marco de colaboración para a implantación de novas metodoloxías de xestión empresarial, transferencia de coñecemento técnico e formación continua**
- **EROSKI aborda un novo ciclo estratéxico focalizado na competitividade, onde un dos seus eixes principais é potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas**
- **MONDRAGON UNIBERTSITATEA aposta pola formación e o desenvolvemento dos profesionais nas empresas**

Oñati, 14 de xullo do 2017.- [EROSKI](#) e [MONDRAGON UNIBERTSITATEA \(MU\)](#) asinaron un convenio de colaboración para a incorporación de novos profesionais a EROSKI e para a transferencia de talento entre ambas as dúas organizacións a través de programas de formación continua, innovación metodolóxica en xestión empresarial, transferencia de coñecemento técnico e creación dun novo ecosistema para novos proxectos de intraempendemento en EROSKI. Este convenio marco de colaboración foi rubricado esta mañá polo reitor da MONDRAGON UNIBERTSITATEA, Vicente Atxa, e mais polo presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

Con este convenio, EROSKI busca impulsar un programa de emprendemento interno para proxectos de innovación que contribúan a súa estratexia pola competitividade definida para os vindeiros anos. Para iso, EROSKI e MONDRAGON UNIBERTSITATEA abordarán un plan de transferencia de talento Universidade-Empresa en áreas como a xestión de proxectos de innovación, metodoloxías "design thinking", plataformas de innovación aberta "open innovation"...

Acorde coa súa cultura cooperativa, EROSKI e MONDRAGON UNIBERTSITATEA traballarán conxuntamente no deseño de novas canles de participación dos Socios Clientes para a mellora continua da atención prestada nas tendas de nova xeración "contigo". Ademais, a través de equipos duais Universidade-Empresa abordarán distintos proxectos de innovación, entre os que destacan para os vindeiros meses os definidos nas áreas de Comercio Electrónico, Sistemas de Recomendacións e Suxestións de produtos relacionados, a frescura extrema na sección de Froitas e Hortalizas e as melloras operativas nas liñas de caixa das súas tendas.

Ademais, mediante este convenio, MONDRAGON UNIBERTSITATEA convértese en socio-partner do programa "summa" de formación a novos directivos que desenvolve actualmente EROSKI como motor de innovación.

"Trátase dunha alianza natural entre dúas organizacións de carácter cooperativo e que establece un novo marco de intercooperación para construír novas vantaxes competitivas baseadas na capacitación e desenvolvemento integral das persoas en ambas as dúas organizacións", destacou o presidente de EROSKI, Agustín Markaide.



Potenciar o desenvolvemento profesional e persoal dos equipos de EROSKI constitúe un dos tres piares do Plan Estratéxico a 2020, que sitúa a formación das persoas como unha das claves na mellora competitiva. Xa durante o pasado exercicio, EROSKI aumentou un 20% as horas de formación interna, superando as 210.000 horas. *"As novas tecnoloxías están a transformar algúns aspectos da cadea de valor da distribución e a construción de novas vantaxes competitivas constitúe un reto para as empresas que vai, moitas veces, alén dos seus propios límites, o que fai necesario combinar o coñecemento interno co externo"*, explicou Markaide.

Pola súa banda, o reitor da MONDRAGON UNIBERTSITATEA, Vicente Atxa, destacou durante a súa intervención que *"os perfís profesionais que precisan as empresas están en plena transformación por mor da aceleración tecnolóxica que están a coñecer todos os sectores. A nosa Universidade quérese converter a través deste acordo nun colaborador estratéxico de EROSKI para poñer en marcha estratexias de atracción e desenvolvemento de talento que lle permitan a esta organización cumprir cos seus obxectivos estratéxicos. Xunto a iso, e baseándonos na experiencia que acumula MONDRAGON UNIBERTSITATEA en desenvolvemento de programas de Emprendemento, Innovación e Liderado, queremos contribuír a que EROSKI se converta nun ecosistema intraempresarial"*.

Sobre MONDRAGON UNIBERTSITATEA

MONDRAGON UNIBERTSITATEA é unha Universidade cooperativa de iniciativa e vocación sociais, sen ánimo de lucro e de utilidade pública, integrada na Corporación MONDRAGON. Está composta por catro Facultades: Empresariais, Escola Politécnica Superior, Humanidades e Educación e Ciencias Gastronómicas (Basque Culinary Center). Desenvolve actividades de formación universitaria, formación continua de profesionais e máis investigación, desenvolvemento e transferencia. Ten por misión "a transformación da sociedade a través da formación integral das persoas e a xeración e transferencia de coñecemento".

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.837 establecementos, entre supermercados, hipermercados e outras tendas de negocios diversificados. Conta con máis de 7 millóns de Socios Clientes e con 33.162 socios cooperativistas e traballadores.

Aborda actualmente o desenvolvemento dun novo plan estratéxico para os vindeiros catro anos no que se marca como obxectivo prioritario competir en cada un dos mercados onde está presente, situar o Socio-Cliente no centro da súa estratexia e potenciar as capacidades dos seus equipos de persoas.

Información:

EROSKI Dirección de Comunicación Corporativa Xurdana Fernández, Tel.: 946 211 214 comunicacion@eroski.es Oficina de Prensa – Consejeros del Norte Joana G. Landazabal / Eurne Izquierdo Tel.: 944 158 642	Mondragon Unibertsitatea Xusane de Miguel Ortiz VK Comunicación Tel.: 944 015 306 / 629 753 336 xusane@vkcomunicacion.com
--	---